

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN GALEGA DE ENFERMIDADES RARAS E CRÓNICAS, PARA O FINANCIAMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN SOCIAL DESTINADO A MELLORAR A CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS AFECTADAS DE ENFERMIDADES RARAS E/OU CRÓNICAS E DAS SÚAS FAMILIAS E DO MANTEMENTO DA FEDERACIÓN PARA O EXERCICIO 2022**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

#### **DECLARA:**

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar coa Federación Galega de Enfermedades Raras e Crónicas (FEGEREC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuir ao financiamento por parte da Consellería de Política Social do mantemento da FEGEREC e do programa que na área de intervención social ten previsto desenvolver durante o ano 2022 dentro do seu ámbito de actuación e de acordo co seu Proxecto de atención integral sociosanitaria, destinado a mellorar a integración sociolaboral, a autonomía persoal e a calidade de vida das persoas afectadas por enfermidades raras e/ou crónicas e ás súas familias, o que se levará a cabo a través das actuacións que a continuación se detallan:

- Atención social integral ao colectivo de persoas que representa, de cara a conseguir a súa plena inclusión social, educativa, laboral e noutras áreas das súas vidas, dando cobertura a aquelas necesidades sociais comúns que non poden ser atendidas na súa totalidade polas vías habituais.
- Información dos servizos da federación ou doutras entidades sempre que poidan ser beneficiosos para as persoas usuarias, así como fomento da relación de axuda para resolver dificultades de carácter sociosanitario.
- Promoción e potenciación das axudas e apoios para a promoción da autonomía persoal destes colectivos de enfermos crónicos.
- Información, asesoramento, tramitación de documentación e axuda nas xestións ás persoas afectadas e ás súas familias en canto aos recursos, dereitos e demais beneficios de carácter socioeconómico, laboral e sanitario aos que poidan ter dereito pola súa enfermidade.
- Coordinación da área social creada dentro da FEGEREC

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte: a entidade aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as actuacións obxecto do programa subvencionado a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no artigo 20 do Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei de Contratos do Sector público.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

